



## Refraneiro

Once piden pan e só agosto llo dá.

En xaneiro a faneca sabe a carneiro.  
En xaneiro a raia sabe a carneiro.  
En xaneiro o polbo sabe a carneiro.  
En xaneiro cágalle na barba ao xeiteiro.  
En xaneiro, sete capas e un sombreiro.  
En xaneiro, sete lobos no carreiro.  
En xaneiro, un pouco ao sol, outro ao fumeiro.  
Xaneiro mollado, se non é bo para o pan, non é malo para o gando.  
Xaneiro quente, demo no ventre.  
Xaneiro fóra, medrou o día máis dunha hora.  
Xaneiro, piardeiro.  
Xaneiro, añeiro e febreiro, cabriteiro.  
En xaneiro e en febreiro, sete capas e un sombreiro.

Febreiro, camiseiro, nin boa meda nin bo palleiro.  
Febreiro quente trae o demo no ventre.  
Febreiro, xeadá na leira e cachopo na lareira.  
Pola Candelaria, metade do inverno fóra; se chove ou venta, aínda entra.  
Polo San Matías, tan longas son as noites como son os días.  
Por San Brais, dúas horas máis.  
Por Santa Águeda entra o sol na auga.

En marzo, podar e cavar se queres colleitar.  
En marzo, abrigo, noces e pantrigo.  
En marzo, auga que non molle o rabo ao gato.  
Marzo marzal deixa o viño trasegar.  
Marzo marzán, cara de can, folepa de neve, porreta de pan.  
Marzo marzola, trebón e raiola.  
Marzo ventoso e abril chuvioso sacan a maio florido e fermoso.  
Se no marzo ves tronar, prepara cubas e lagar.

Abril frío, moito pan e pouco viño.  
Abril que non chove, deixa ao labrego pobre.  
Abril quente e mollado carga o carro e enche o gado.  
Abril *riente* mata de frío a xente.  
En abril, flores mil, peixes mil e augas mil.  
En abril sae o cuco do cubil.  
En abril, o salmón para min; no maio, *pró* criado e no San Xoán, *pró* can.  
Abril e maio son as portas do ano.

Ben veñas maio, o mellor mes de todo o ano.  
En maio xa saio.  
En maio calquera besta é cabalo.  
En maio de pé me caio, xa con sono, xa con traballo.  
Maio fai o trigo e agosto, o viño.  
Maio frío, nin palla nin trigo.  
Maio atreboado, ano temperado.  
Maio chuvioso, verán caloroso.  
Maio ventoso, para o labrador fermoso, e para o mariñeiro, desastroso.  
Maio pardo, ano farto.



O tres de maio quenta o sol coma un borrallo; se non quenta aquel día, quenta para outro día.  
O touro, o galo, a troita e o barbo, no mes de maio.  
O que en maio se molla, en maio se enxoiita.  
O rocín en maio vólvese cabalo.

En San Xoán a sardiña molla o pan.  
En San Xoán, tanto queixo coma pan.  
Entre San Xoán e Santiago, Deus nos libre de un nubrado.  
No mes de San Xoán as nove do día dan.

Xullo quente, millo valente.  
Xullo andando, millo arrendado.  
Pola Santa Mariña salga a sardiña.  
Pola Santa Mariña deixa o sacho e colle a fouciña.  
Pola Santa Mariña vai ás túas viñas e, cal as cates, tal as vendimas.  
Por Santiago pinta o bago.  
Santiago pinta o bago e San Salvador píntao mellor.

Agosto ardenteiro, herba no palleiro.  
Agosto e vendima non son cada día.  
Agosto fáiselle maio a quen non ten pan sementado.  
Agosto pasou e quen mallou mallou.  
Os rocíos de agosto son mel e mosto.  
Se o mes de agosto vén claro, bo magosto e bo nabo; se vén nubrado, poucas castañas e nabos furados.  
En agosto, frío no rostro.  
En agosto, viño mosto.  
En agosto, sol posto, noite connosco.  
En agosto, nin viño, nin muller, nin mosto.  
En agosto, arder e en setembro, beber.  
En agosto as castañas, a arder e en setembro, beber.  
En agosto secan os montes e en setembro, as fontes.

En setembro come e vende.  
En setembro ou secan as fontes ou levan as pontes.  
En setembro colle o viño e non durmas no camiño.  
San Migueliño das uvas maduras moito me tardas e pouco me duras.

En outubro o teu pan cubre.  
Outubro quente, inverno, detente.  
Polo Pilar os nabos, na terra e o viño, a envasar.  
Polo San Simón proba o viño e o porco, por San Martiño.

Polo San Martiño, castañas e viño.  
En San Martiño, trompos ao camiño.  
En San Martiño, mata o porco e bebe o viño.  
No día de San Martiño abilla o teu viño.  
O verán de San Martiño son tres días e un pouquiño.  
Por Santos, neve nos campos; por Santo Andrés, neve nos pés.  
Bendito mes que empeza en Todos os Santos e remata en Santo Andrés.

Santos e Nadal, inverno carnal.  
Día de Santa Lucía, enchente de auga ou de sardiña.  
O día de Santa Lucía medra a noite e mingua o día.  
Nadal chuvioso, xaneiro ventoso.  
Nadal mollado, xaneiro ben xeadado.  
Se Nadal nada, sinal de boa anada.  
Se a noite de Navidade fai luar, labra ben para sementar.